

14. O cambio dinástico e a guerra de Sucesión (causas da guerra, bandos en conflito, a paz de Utrecht).

A morte de Carlos II de Habsburgo (1700) sen descendencia debido a súa enfermidade provocou o inicio dun conflito internacional coñecido como Guerra de Sucesión (1701-1714) que provocaría o inicio da Dinastía de Borbón e o fin de dous séculos de reinado da casa de Austria (Habsburgo).

Tralo **Tratado dos Pirineos** trala Guerra dos trinta anos Luis XIV rei de Francia conseguiría que o seu futuro neto **Filipe de Anjou** obtivera dereitos sucesorios a coroa española. Dereitos que tamén posuía o **arquiduque Carlos de Habsburgo**. Carlos II nomeou a Filipe de Anjou sucesor pero a nivel internacional o medo á consolidación da hexemonía francesa pola posible unión da coroa francesa e española levou á formación dun **bloque antiborbónico** dirixido por Inglaterra, Países Baixos, Austria e a maioría dos estados alemáns que loitaba polos dereitos da casa de Habsburgo, iniciándose así un conflito internacional que pronto se convertería tamén nunha dura guerra civil en España debido a que os dereitos de Filipe V foron defendidos pola coroa de Castela e máis os señoríos vascos e Navarra, e os dereitos da casa de Austria serían defendidos pola Coroa de Aragón, especialmente polos condados cataláns.

Ámbolos dous monarcas representaban modelos políticos distintos. Filipe V, educado por Bossuet, respresentaba o absolutismo monárquico e a centralización do Estado, mentres que o candidato de Habsburgo representaba a opción foralista de respecto aos privilexios forais e a autonomía acadados na época da Unión dinástica (s. XV).

A iniciativa militar estaba no lado dos Borbóns coas vitorias de Almansa ou Villaviciosa. En 1711 o arquiduque Carlos herdou o Sacro imperio romano xermánico deixando de ter entón como obxectivo principal a Guerra de Sucesión. Países Baixos e Inglaterra comezaron a rexeir dunha posible unión entre España e a Austria imperial dentro da súa defensa da **teoría do equilibrio continental** o cal levaría a asinar en 1713 a **Paz de Utrecht** e o fin do conflito cuxos estertores chegarán ata 1714 coa toma definitiva de Cataluña polos Borbóns (Díada).

O Tratado de Utrecht recoñecía os dereitos de Filipe V pero a cambio renunciaba á unión con Francia e os seus dereitos sobre esta. Flandes, Nápoles e Cerdeña pasaban a Austria (perdendo España os territorios europeos que lle quedaban) e Inglaterra conseguiría Xibraltar, Menorca e máis os dereitos de asentos de negros e de navíos de permiso. Filipe V tamén se comprometía a non tomar represalias coa Coroa de Aragón pero isto non se cumpriu xa que a promulgación dos Decretos de nova planta imporía a extinción dos seus privilexios forais iniciándose así o proceso de centralización da recen imposta monarquía absoluta.